

II PREMIO DE COMPOSICIÓN “PORTUS APOSTOLI”. PARA ARPA E BANDA BASES DA CONVOCATORIA

1. A convocatoria está aberta a tódolos compositores e compositoras de calquera nacionalidade, sen límite de idade. Cada compositor/a poderá presentar unha soa obra, que deberá ser orixinal do autor e inédita e non ter sido froito dun encargo remunerado nin premiada noutro concurso. Non debe ter sido interpretada anteriormente en concerto ou acto público.
2. A obra presentada será de tema libre e deberá estar escrita para **arpa e banda** (sen medios electroacústicos). A duración da composición debe ser entre **10 e 15 minutos**. A obra que non teña a duración estipulada será descalificada.

O orgánico será o seguinte:

Frauta 1

Frauta 2/Frautín

Óboe

Fagot

Clarinete en Mib

Clarinetes 1-2-3

Clarinete baixo

Saxos altos 1-2

Saxo tenor

Saxo barítono

Trompas 1-2-3

Trompetas 1-2-3

Trombóns 1-2-3

Bombardino

Tuba

Percusión (4)

3. Deberá presentarse a seguinte documentación a través do formulario publicado na páxina web oficial do NHF e enviando os materiais nun arquivo comprimido a través de Wetransfer á conta de correo electrónico *premiocomposicion@noiaharpfest.gal*. O arquivo comprimido deberá conter un PDF coa partitura xeral e outro PDF coa parte de arpa, ademáis dun ficheiro de audio WAV ou MP3. Non poderá conter elementos nos que se poida identificar a autoría do compositor/a co obxectivo de gardar o anonimato ante o xurado.
4. O prazo de recepción das obras será ata as **24 horas do día 23 de decembro de 2023**.
5. Créase un único **Premio** para a **obra gañadora** que recibirá a cantidade de **2.500€**, suxeita á retención fiscal en vigor. Do mesmo xeito, o xurado concederá unha **Mención de Honra**, sen aportación económica, para a obra que quede en segundo lugar. As dúas obras distinguidas con Premio e Mención serán estreadas nun Concerto Especial, vinculado ao Noia Harp Fest 2024, a cargo da Banda Municipal de Santiago de Compostela coa colaboración da Banda de Música de Noia, e interpretadas por solistas de prestixio internacional.
6. O xurado estará composto por figuras de recoñecido prestixio e un secretario/a con voz e sen voto. A súa constitución faráse pública con antelación.
7. O xurado valorará prioritariamente os seguintes aspectos da obra presentada:
 - a) Proposta creativa expresada nunha linguaxe persoal.
 - b) Tratamento da técnica e a escritura para arpa así como da orquestración.
 - c) Coherencia, proporción e equilibrio no traballo técnico.
 - d) Equilibrio entre dificultade e resultado musical.
 - e) Valoranse positivamente as referencias á música ou á cultura galegas.
8. O resultado do concurso darase a coñecer antes do día **15 de febreiro de 2024**, mediante unha notificación por correo electrónico ao gañador ou gañadora. Asimesmo, darase difusión a través da páxina web e redes sociais do Noia Harp Fest.

II Premio Internacional de Composición **PORTUS APOSTOLI**



9. O autor ou autora da obra premiada comprométese obrigatoriamente a facer constar en calquera publicidade da mesma, así como en tódalas gravacións, edicións e programas que inclúan a interpretación da devandita obra a seguinte inscrición: **“Obra gañadora do II Premio Internacional de Composición PORTUS APOSTOLI”**.

10. Os dereitos de propiedade quedarán en poder do autor/a da obra. En caso de que a obra presentada incorpore fragmentos musicais ou textos de titularidade distinta á do autor/a da mesma (a excepción de que se realicen a modo de cita, nos termos do artigo 32 da Ley de Propiedade Intelectual), ditos fragmentos ou ditos textos deberán aparecer escritos na partitura e nos materiais, así como se deberán acreditar os permisos correspondentes. En tódolos casos, calquera responsabilidade será asumida polo autor/a.

11. As partituras da obra gañadora serán aportadas polo compositor/a libres de cargos de alugueiro para a estrea en concerto ou concertos por parte da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

12. A participación neste concurso implica a aceptación incondicional destas bases, sendo o veredicto do xurado inapelable. A interpretación das bases será competencia exclusiva do devandito xurado.

13. Se, por causas imprevistas, o concerto de estrea da obra non puidera levarse a cabo, non se admitirá apelación algunha.